

Antropoloxia Visual

Curso de Antropoloxia visual: Outras miradas

Datas:

Visionado de filmes: do 25 a 30 de outubro de 2010.

Seminario teórico: 29 de outubro de 2010, de 9:30h a 14h.

Lugar:

Visionado de filmes: Domus, Fundación Caixa Galicia, CGAI, Fundación Luis Seoane e Planetario da Coruña.

Seminario teórico: UNED, Centro Asociado da Coruña.

Organizado por: Centro Asociado de UNED da Coruña, Mostra de Ciencia e Cinema, Asociación de Amigos da Casa das Ciencias e ALGA.

Duración: 14h (10h de visionado de filmes e 4h de Seminario teórico)

Dirixido a: aquelas persoas que desexan adquirir un coñecemento experto para a utilización do vídeo como ferramenta da investigación de campo ou na produción de materiais documentais no marco do traballo de campo.

Web: <http://cienciaecinema.org/mostra-2010/Simultaneamente> coa celebración de la III Mostra de Ciencia e Cinema na Coruña, se organiza este seminario de Antropoloxia Visual. O noso obxectivo é proporcionar aos asistentes unha aproximación aos fundamentos da Antropoloxia Visual, como técnica e instrumento para a documentación e comprensión da realidade humana. Os obxectivos de aprendizaxe son:

- Presentar o panorama da Antropoloxia Visual.
- Introducir nas ferramentas e técnicas básicas da Antropoloxia Visual.
- Proporcionar unha experiencia práctica das prácticas da Antropoloxia Visual.
- Introducir nos elementos básicos da análise etnográfica da documentación visual.
- Desenvolver unha comprensión crítica da aproximación etnográfica ás artes audiovisuais.
- Discutir cuestións éticas. O curso ten 2 módulos:
- Visionado de filmes documentais (pode consultar os filmes, lugares e datas na web da actividade)
- Seminario Análitico Presencial de Antropoloxia Visual, coa participación de Ilisa Barbash (Peabody Museum), Lucien Castaing-Taylor (Harvard University) e Francisco Giner Abati (Universidad de Salamanca). O curso ten un carácter práctico e foi solicitado 1 crédito de libre configuración.